



Circular informativa de fin de curso.

Horario e actividades do mes de xuño:

- Día 1 xuño, venres, comezo xornada intensiva. A hora de entrada segue sendo a mesma. A de remate de clases será ás 14:30 para Educación Infantil e Primaria e ás 14:45 para Educación Secundaria.
Non se modifica o horario de buses con respecto ao resto do curso: chegarán ao centro arredor das 9:30 e sairán ás 16:05 (incluído o xoves para E. Secundaria).
- Día 10 de xuño, domingo: Festival de fin de curso da ANPA.
- 21 xuño, xoves: Último día de curso. Entrega notas en Educación Infantil e Primaria. As clases rematan ás 13:00, hora á que tamén sairán do centro os autobuses de transporte escolar.
- 25 xuño, luns: Entrega de notas de secundaria ás 11:00 horas. **Non hai transporte.**

Matrícula:

Só é preciso matricular os alumnos ou alumnas novos/as no colexio e os que cursen Educación secundaria. As datas de matrícula son:

- Alumnado de Infantil e Primaria: Do 20 ao 30 de xuño.
- Alumnado de Secundaria:
 - Co curso aprobado en xuño: Do 25 de xuño ao 10 de xullo.
 - Con materias pendentes para setembro: Ata o 10 de setembro.

Para a formalización da matrícula, débese cubrir e asinar o impreso que será facilitado na secretaría e que tamén se poderá descargar na páxina web do centro. (Ao alumnado do centro facilitarémolle un sobre con toda a documentación)

Os usuarios de comedor deberán tamén entregar o impreso *Anexo II: modelo de autodeclaración e especificacións*, a fin de calcular a cantidade a aboar por día de servizo.

Nota: Ao alumnado do centro entregarámoslle un sobre con toda a documentación a cubrir

Libros de texto:

Lembramos que as familias que foron beneficiarias do fondo solidario no curso 2017/2018 deberán devolver ao centro estes libros.

A falta de devolución, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2018/19.

Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de Educación Primaria.

A información completa pódese consultar na Orde de 9 de maio de 2018 publicada no DOG de 21 de maio de 2018.

Datas e procedemento de devolución dos libros de texto por parte das familias:

A recollida dos libros en E. Primaria realizarase na propia aula por parte dos titores e en secundaria o libros entregaranse en secretaría. As datas de devolución comunicarámoslas en circular que enviaremos proximamente.

Libros biblioteca:

A data máxima de devolución dos libros da biblioteca que o alumnado ten en concepto de préstamo será o venres 21 de xuño. Xuntamos circular informativa da biblioteca sobre os préstamos para o verán.